

Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Subvencións e axudas**

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVIEMBRE DE 2025 E O 31 DE OUTUBRO DO 2026

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do día 28 de agosto do 2026 acordou aprobar as seguintes bases e anexos (expediente 6754/330):

ASUNTO.— BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”, NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVIEMBRE DE 2025 E O 31 DE OUTUBRO DE 2026.

BASE 1ª.— OBXECTO

1.— O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”: de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Asemade, a presente convocatoria ampárase no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014.

2.— O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo desta convocatoria será dende o 1 de novembro de 2025 ao 31 de outubro de 2026, ambos inclusive.



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

3.— O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, espazo artístico e cultural proxectado como referente para a cidade.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de outubro de 2011 aprobou o Regulamento de funcionamento e uso do Auditorio, coa finalidade de acadar unha utilización racional e ordenada deste espazo, garantindo aos cidadáns o acceso ás instalacións en igualdade de condicións e coordinar a organización de actividades.

Neste sentido, no citado Regulamento indícase:

“Artigo 3.— Serán tarefas, entre outras, do Auditorio-Pazo de Congressos:

- Facilita-la organización de espectáculos de teatro, danza, música, cine e/ou calquera outra manifestación cultural ou artística en calquera das súas modalidades.
- A difusión, promoción e divulgación de calquera das súas modalidades.
- A procura de fórmulas que contribúan á formación de novos públicos, así como a incentivar a afección polas actividades culturais, tamén entendidas como alternativa de ocio nos sectores máis xoves da poboación.
- A promoción de celebración de congresos, convencións, exposicións, etc.
- As prestacións de servizos dirixidos á organización de ditas actividades.

BASE 2ª.— FINALIDADE

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de titularidade municipal, que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades socioculturais, reunións e congresos, dotando dunha serie de actividades socioculturais que afonden na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos.

BASE 3ª.— REQUISITOS DAS E DOS SOLICITANTES.

1.— Poderán solicitar subvención ao abeiro da presente convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que, conforme aos seus estatutos, escrituras de constitución ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
2. Que a entidade solicitante exerza de promotora/organizadora directa da actividade proposta.
3. Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos.
4. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

Vigo e coa Seguridade Social. O Concello de Vigo realizará a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, agás que no modelo oficial de solicitude se marque a non autorización para elo; neste caso será preciso achegar os pertinentes certificados que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

5. Que cumpran coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
6. Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

2.— Non poderán acollerse á presente convocatoria as persoas físicas nin as entidades sen ánimo de lucro.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

BASE 4ª.— CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

1.— O importe total máximo destinado á presente convocatoria ascende a 500.000 € (cincocentos mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 do orzamento municipal vixente. A convocatoria non obriga ao Concello de Vigo ao gasto íntegro do importe máximo indicado.

2.— O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 50 % do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente solicitude de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

BASE 5ª.— CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

1.— Serán obxecto de subvención os gastos efectuados que respondan directa e sen dúbida á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e sexan realizados dentro do prazo establecido para a execución desta. Con carácter enunciativo e non taxativo, indícanse a modo de exemplo os seguintes:

- Pagamentos de cachés, honorarios e/ou nóminas de artistas.
- Gastos de viaxes, aloxamentos, axudas de custo, produción técnica e escenográfica.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QDHLGDON854UTN7X



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

- Pagamentos derivados polo cumprimento do RDL 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual, como pagamentos de dereitos de autor a entidades de xestión pola actividade subvencionada..
- Contratación de servizos técnicos e profesionais.
- Alugueiro de materiais e/ou equipos técnicos.
- Gastos de promoción, difusión e publicación en diferentes soportes (anuncios en medios, edición de materiais impresos, publicacións dixitais, páxinas web ou aplicacións móbiles...).

2.— En todo caso quedan expresamente excluídos os seguintes conceptos:

- Os custos indirectos imputables á actividade.
- Os custos de funcionamento ordinario da entidade beneficiaria.
- Os custos de atencións protocolarias e representativas.
- Os gastos en investimentos e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, así como os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos, as taxas e o IVE.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades relativas a campañas de carácter partidista.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades que non sexan susceptibles de goce público.
- Os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións non apropiadas (linguaxe sexista, imaxe da muller como reclamo, connotacións de tipo sexual, maltrato animal ou en contra do medio natural/ambiente...).
- En xeral, os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións que supoñan a vulneración do ordenamento xurídico vixente.

3.— En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

BASE 6ª.— COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.— A subvención concedida ao abeiro desta convocatoria é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A entidade solicitante deberá indicar na solicitude as posibles axudas económicas coas que conta para a actividade proposta.

2.— En todo caso, o importe total da subvención ou subvencións percibidas en ningún caso poderá superar o custo total da actividade subvencionada (art.17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

BASE 7ª.— PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.— Forma de presentación: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas e asinadas electronicamente, mediante o modelo oficial de solicitude e demais Anexos aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web municipal (www.vigo.org); e son os seguintes:

- Anexo I: declaración responsable
- Anexo II: memoria actividade
- Anexo III: memoria económica

Todas as solicitudes deberán achegarse antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2. Varias actividades: Poderá solicitarse subvención para unha ou varias actividades que cumpran os requisitos establecidos nestas bases. Debe presentarse solicitude e anexos para cada unha delas; se ben soamente cunha destas solicitudes terá que achegarse a documentación indicada na base 8ª.

2.— Prazo de presentación das solicitudes: 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3.— Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e Servizo de Cultura, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

BASE 8ª.— DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE.

1.— Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) CIF da entidade e NIF do/a seu representante legal.
- b) Acreditación da capacidade legal da persoa representante da entidade.
- c) Escritura de constitución e/ou dos estatutos sociais debidamente inscritos no rexistro público correspondente, ou acreditación de estar legalmente constituídas.



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

d) Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles/as solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

2.— No suposto de que o/a solicitante achegase anteriormente esta documentación, ou parte dela, ante calquera Administración pública, poderá acollerse ao establecido no artigo 28.3 da LPAC, sempre que se faga constar o momento e o órgano ou dependencia no que foi presentada.

3.— De acordo co establecido neste mesmo precepto da LPACAP, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á/ ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

BASE 9ª.— CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: ata 15 puntos.

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custo da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeiraImporte solicitado respecto ao orzamento total				
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: ata 25 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo I) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	Máis de 8 a 12 anos	Máis de 12 a 15 anos	Máis de 15 anos
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, segundo o indicado pola entidade no anexo II, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
De 0 a 10 euros	Máis de 10 a 15 euros	Máis de 15 a 20 euros	Máis de 20 a 25 euros	Máis de 25 euros
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.

A contía da subvención virá determinada polo produto do total dos puntos obtidos pola actividade proposta e o valor do punto. Este valor obterase mediante o cociente entre o importe destinado á presente convocatoria e o número total de puntos obtidos polos posibles beneficiarios.

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

BASE 10ª.— PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.

Unha vez presentadas as solicitudes, desestimaranse directamente, aquelas que se encadren nalgún dos seguintes supostos:

- Aquelas que, para a mesma finalidade, foron solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración co Concello de Vigo.
- Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

- g) Aquelas que non presenten unha actividade específica.
- h) Aquelas entidades que conforme cos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.
- i) Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

BASE 11ª.— PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.— Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.— O Servizo de Cultura revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.— A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao servizo de cultura, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.— A preavaliación das solicitudes nos termos da Base 10ª así como a avaliación das solicitudes de subvención respecto de cada actividade, conforme aos criterios sinalados na Base 9ª, realizarase pola Comisión de Valoración; órgano colexiado constituído ao efecto e que estará formado polas seguintes persoas ou persoa en quen deleguen:

- Presidente: concelleiro-delegado de Cultura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QDHLGDON854UTN7X



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

- Vogais:
 - Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural
 - Xefe do servizo de Museos Municipais
- Secretaria: a Secretaria de Administración Municipal, con voz e sen voto.

5.— As solicitudes avaliaranse de conformidade á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes; deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6.— Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano Colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o Xefe do servizo formulará proposta de resolución provisional, que será notificada aos interesados para os que se propoña unha subvención de importe superior a 30.000 €; requiríndoos para que no prazo de 10 días acrediten, nos termos do art.13.3.bis da LXS, o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

7.— Con posterioridade o Xefe de servizo formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, núm. de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de nove meses contados a partir da publicación da convocatoria.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; renuncia que será aceptada de plano pola administración outorgante, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8.— A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9.— O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10.— Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén

podrá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11.— A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración outorgante, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instructor.

BASE 12ª.— OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas especificamente nos artigos 11 da LSG e 14 da LXS e as demais previstas na restante normativa aplicable.

As entidades beneficiarias deberán:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.
- c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención, incluído no seu caso



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

todos os custos derivados da utilización das instalacións do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”.

- d) A lingua empregada nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.
- e) Comprometerse á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento subvencionado. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.
- f) Cumprir coas obrigas fiscais, así como coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- g) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.
- h) Comunicarlle á Concellería-delegada de Cultura as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación correspondente, ou ben para reducir o importe da subvención concedida ou solicitar o reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- i) A concesión da subvención á entidade implica a aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- l) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QDHLGDON854UTN7X



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación co desenvolvemento do evento.

- m) Dar cumprimento ao Plan de autoprotección do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de acordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.
- n) Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.
- o) As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

BASE 13ª.— PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.— Forma de presentación da documentación xustificativa: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Xa que logo, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula a presente convocatoria e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación nela admitido, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da lei xeral de subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación (para a xustificación) das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser realizados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). Para tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), e esixiráselle a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

2.— Prazo de xustificación: a data límite para presentar a documentación xustificativa será o 10 de novembro do 2026.

3.— Documentación para incluír na conta xustificativa:

- a) Solicitude de pagamento da subvención.
- b) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos.
- c) Memoria económica que contará co balance detallado da totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

emisión e importe; Datos que han ser acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- d) Achegarase copia da folia de billeteira que reflicta a totalidade de billetes vendidos.
- e) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.
- f) As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado coa dedución do IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, de seren persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- g) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- h) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, coa dedución do IVE
- i) Só se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

O medio admitido como xustificante de pagamento de facturas será o extracto bancario, e excepcionalmente o pago en efectivo e ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo provedor, non aceptándose sen a sinatura do provedor.

4.— Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade indicada na solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.— Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do/da beneficiario/a. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

BASE 14ª.— OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo da Área de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 15ª.— PERDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.— Revogación: Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabos das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o seu outorgamento. A variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2.— Nulidade: En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.— Reintegro: Procederá o reintegro, total ou parcial segundo corresponda, das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

4.— Infraccións e sancións: En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as e os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

BASE 16ª.— SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O persoal técnico do Servizo da Área de Cultura será o encargado do seguimento da execución da subvención. Tamén de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

BASE 17ª.— PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS.

1.— A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para tales efectos, deberá remitirse á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

2.— De acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, as bases, a convocatoria e a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

3.— Os e as beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

BASE 18ª.— TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QDHLGDON854UTN7X



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

BASE 19ª.— SOMETEMENTO Á PRESENTE CONVOCATORIA.

A presentación de solicitudes farase de acordo co establecido nas presentes bases. A participación suporá a aceptación íntegra dos seus requisitos.

As incidencias non consideradas expresamente na convocatoria serán resoltas polo órgano instructor.

BASE 20ª.— DISPOSICIÓN FINAL.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Vigo, na data da sinatura dixital

Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Conformes,

O concelleiro-delegado de Cultura (res. do 25.09.2025 BOP núm. 186 do 30.09.2025)

Gorka Gómez Díaz

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (res. do 25.09.2025 BOP núm. 186 do 30.09.2025)

María del Carmen Silva Rego

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QDHLGDON854UTN7X



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

SOLICITUDE (É requisito imprescindible cubrir todos os campos)																			
<u>SUBVENCIONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"</u>																			
Nome da entidade:																			
Enderezo:												Código postal:							
CIF:						Número de rexistro:													
Teléfonos (móbil de contacto e fixo da entidade):																			
Correo electrónico:																			
Número IBAN				Entidade				Sucursal				DC		Número de conta					
Datos do/da representante legal (para persoas xurídicas)																			
Nome e apelidos:																			
Enderezo:												Código postal:							
Teléfono contacto:								Correo electrónico:											
Cargo que ocupa:																			
Solicito subvención para as seguintes actividades socioculturais realizadas no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo":																			
Nome da actividade										Data/s		Horario/s		Importe solicitado (máx. 50% do custo total)					
<u>PERSOAS OBRIGADAS A RELACIONARSE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS COA ADMINISTRACIÓN</u>																			
De conformidade co disposto no art. 14.2. a. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), as entidades sen personalidade xurídica e as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.																			



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

De conformidade co artigo 28 da LPAC, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos relativos ás obrigas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia e dos pagos coa Seguridade Social. No caso de non outorgar o consentimento deberá marcar o seguinte cadro:

En consecuencia achego certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia e dos pagos coa Seguridade Social

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE VIGO con CIF P3605700H e domicilio social na praza do Rei s/n, 36202 Vigo, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Vigo. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE VIGO infórmalle de que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle de que a lexitimación do tratamento dos seus datos é con base no interese público ou no exercicio dos poderes públicos.

Con esta cláusula queda informado/a de que os seus datos serán comunicados, no caso de ser necesario, a administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesario traslado no canto de portabilidade, coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal, así como o do consentimento prestado para o tratamento destes, mediante petición enviada á dirección indicada máis arriba ou escrito na sede electrónica (<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>)

Vigo, de do 2026
Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

AO EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSÁBEL DO/DA SOLICITANTE

Nome da entidade:

Enderezo:

Código postal:

CIF:

Número de rexistro:

Datos do/da representante legal

Nome e apelidos:

Enderezo:

Código postal:

Teléfono contacto:

Correo electrónico:

Cargo que ocupa:

DECLARO1.- Que á entidade se lle concederon outras axudas: ☐ si ☐ non2.- Que se solicitaron outras subvencións para a mesma finalidade: ☐ si ☐ non

Relación de axudas solicitadas para cada proxecto	Importe

3.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 10 apartados 2 e 3 da Lei 9/2002 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e que son certos os datos presentados.

4.- Que a entidade non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vigo no pasado exercicio económico.

5.- Que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social. (as e os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas). Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados e interesadas salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

6.- Os seguintes **datos xerais da entidade** co fin de que o Concello proceda á valoración do/da solicitante:



Núm. 169

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	De 8 a 12 anos	De 12 a 15 anos	Máis de 15 anos



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

ANEXO II: MEMORIA DA ACTIVIDADE

(Débese achegar unha memoria por cada actividade proposta)

SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"

CIF da entidade:

Nome da actividade:

Obxectivos da actividade:

.....

.....

Fundamentos e características (consideracións xerais sobre a actividade, a súa finalidade, orixinalidade e singularidade):

☐ proxecto de nova creación☐ proxecto que xa existía

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Perfís das persoas destinatarias:

.....

.....

.....

Prezo/s das entradas:

.....

Vigo, de do 2026

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

AO EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO



Xoves, 3 de setembro de 2026

Núm. 169

ANEXO III: MEMORIA ECONÓMICA DA ACTIVIDADE
(Débese achegar unha memoria por cada actividade proposta)

**SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR
EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”**

NOME DA ACTIVIDADE:

GASTOS		INGRESOS	
Concepto	Importe	Concepto	Importe
Directos			
TOTAL GASTOS		TOTAL INGRESOS	

Vigo, de do 2026

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

AO EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QDHLGDON854UTN7X

